

**CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO**

MLA/atm

Ref<sup>o</sup>: proposta servizo actividades ANIMACION SOCIOCULTURAL 2012

Asunto:

**INFORME PROPOSTA DO SERVIZO DE CONTRATACIÓN,  
PATRIMONIO E FOMENTO**

**ASUNTO: CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN INTEGRAL DAS ACTIVIDADES DE ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL NOS CENTROS DE CONVIVENCIA MUNICIPAIS E OUTROS - 2012O. APROBACIÓN DOS PREGOS DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO. APERTURA DO PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN.**

**ANTECEDENTES**

I.-Informe da xefa de servizo de servizos sociais relativo á necesidade da contratacion do servizo de prestación integral das actividades de animacion sociocultural nos centros de convivencia municipal e outros así como prego de condicións técnicas que rexerá a contratacion.

II. Informes do departamento municipal de planificación e control de concesións sobre fixación do custo máximo para este servizo.

III. Informe de Intervención do día 27 de xaneiro de 2012 no que se pon de manifesto, entre outros, a existencia de crédito nas aplicacións 23000.22799, 23101.22799, 23102.22799, 23103.22799, 23104.22799, 23105.22799, 23106.22799 e 23107.22799 do vixente Orzamento xeral para a cantidade de 212.407,76 euros. Respecto ás anualidades seguintes a autorización ou realización dos gastos subordinarase ó crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos presupostos.

V- Prego de cláusulas administrativas que rexerán a contratacion de referencia elaborado polo Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

## CONTRATAACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Refº: proposta servizo actividades ANIMACION SOCIOCULTURAL 2012

Asunto:

- Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público ( TRLCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Real Decreto 817/2009 do 8 de maio polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 do 30 de outubro de Contratos do Sector Público.
- Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Real decreto 39/97 do 17 de xaneiro sobre regulamentación dos Servicios de Prevención.
- Real decreto 486/97 do 14 de abril sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo.
- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.

### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

**Primeira.** Este contrato debe ser cualificado como un **contrato mixto** recollido e regulado no artigo 12 do TRCSP que ten por obxecto a prestación dun servizo consistente na realización dunha serie variada de actividades incluídas dentro da programación da animación sociocultural dos centros de convivencia municipais, a realización de actividades de apoio e auxilio complementarias, atención e dinamización sociocultural fóra do horario habitual, así como a subministración de determinado material funxible preciso para o desenvolvemento das actividades, saídas exteriores e excursións e que pode incluírse dentro da categoría 26 do Anexo II do TRLCSP ( servizos de esparcemento, culturais e deportivos)

Non obstante, para a súa cualificación e aplicación das normas que o regulen atenderase ó carácter da prestación que teña mais importancia dende o punto de vista económico que neste caso é o servizo (artigo 10 TRLCSP)

Respecto á calificación do contrato como de servizos é certo que contratos similares licitados con anterioridade por este Concello viñan calificándose como contratos administrativos especiais en virtude de diversos informes de organos consultivos que así o consideraban por tratarse de prestacións heteroxéneas, pero procede agora, a xuízo da que subscribe, calificalos como contratos de servizos trala nova redacción dada polo artigo 10 da Lei de Contratos de Sector Público ( agora o TRLCSP) que os definen como “ *aqueles cuxo obxecto son*

## CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Refº: proposta servizo actividades ANIMACION SOCIOCULTURAL 2012

Asunto:

*prestacións de facer consistente nos desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto de unha obra ou suministro. A efectos de aplicación desta Lei, os contratos de servizos dividense nas categorías enumeradas no Anexo II”*

A calificación deste contrato como de servizos e non como un contrato administrativo especial non resulta baladí xa que afecta ó réxime de publicidade comunitaria así como ós requisitos de solvencia (clasificación) esixibles ós licitadores.

Por outra banda e dentro dos contratos de servizos nos encontramos con categorías que están excepciónadas do réxime de clasificación e publicidade comunitaria.

Neste caso nos atopamos ante un contrato de servizos que pode incluírse na categoría 26 do ANEXO II do TRLCSP xa que se trata esencialmente de servizos de esparcemento ( actividades de ocio e tempo libre consistente en obradoiros, ocio para nenos, excursións...) que non precisan de clasificación nin son obxecto de publicidade comunitaria. Non obstante contra os actos definitivos ou de trámite cualificados que se deriven do procedemento caberá a interposición de recurso especial en materia de contratación.

**Segunda.** O prego de condicións elaborado para disciplinar a licitación e o contrato recolle as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Contén , con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

O procedemento de adxudicación elixido é o **aberto**, de acordo co previsto nos artigos 122 e 141 e seguintes da LCSP. No prego de cláusulas administrativas particulares determinanse os criterios de adxudicación e aspectos económicos e técnicos, os cales respectan, a criterio deste servizo, os principios de obxectividade e proporcionalidade esixidos pola LCSP e que na súa totalidade son avaliados de forma automática.

**Terceiro.** En canto ó órgano municipal competente para aprobar o expediente da contratación de referencia, de acordo co disposto na disposición adicional segunda da Lei de contratos do sector público, á Xunta de Goberno Local correspóndellen as contratacións e concesións, incluídas as de carácter plurianual.

## **CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO**

MLA/atm

Ref<sup>o</sup>: proposta servizo actividades ANIMACION SOCIOCULTURAL 2012

Asunto:

Por todo o anteriormente exposto e no uso das atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local na disposición adicional segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, e a normativa específica de aplicación, propónselle á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO.-** Aprobar a **CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN INTEGRAL DAS ACTIVIDADES DE ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL NOS CENTROS DE CONVIVENCIA MUNICIPAIS E OUTROS - 2012**

**SEGUNDO.-** Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán na licitación dos traballos sinalados no parágrafo anterior, sendo o seu teor literal o seguinte:

**PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ NA CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN INTEGRAL DAS ACTIVIDADES DE ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL NOS CENTROS DE CONVIVENCIA MUNICIPAIS E OUTROS - 2012**

-----

### **PRIMEIRA. OBXECTO DO CONTRATO**

É obxecto do presente contrato a prestación das actividades incluídas dentro da programación da animación sociocultural dos centros municipais de convivencia de acordo co prego de prescricións técnicas elaborado pola xefa do servizo de servizos sociais do Concello.

CNAE 2009: 93.2 actividades recreativas e de entretenemento

CPV: 92300000-4 Servizos de entretenemento

### **SEGUNDA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO**

Trátase dun contrato de mixto recollido e regulado no artigo 12 do TRLCSP e que ten por obxecto a prestación dun servizo consistente na realización das actividades incluídas dentro da programación da animación sociocultural dos centros de convivencia municipais, a realización de actividades de apoio e auxilio complementarias, atención e dinamización sociocultural fóra do horario habitual, así como a subministración de determinado material funxible preciso para o desenvolvemento das actividades, saídas exteriores e excursións e que pode incluírse dentro da categoría 26 do Anexo II do TRLCSP (servizos de esparcemento, culturais e deportivos)

## CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Ref<sup>a</sup>: proposta servizo actividades ANIMACION SOCIOCULTURAL 2012

Asunto:

Non obstante, para a súa cualificación e aplicación das normas que o regulen atenderase ó carácter da prestación que teña mais importancia dende o punto de vista económico que neste caso é o servizo (artigo 10 TRLCSP)

Para a lexislación aplicable deberán terse en conta as seguintes disposicións:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Real Decreto 817/2009 do 8 de maio polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 do 30 de outubro de Contratos do Sector Público.
- Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Real decreto 39/97 do 17 de xaneiro sobre regulamentación dos Servicios de Prevención.
- Real decreto 486/97 do 14 de abril sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo.
- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.

O órgano de contratación, conforme o disposto no artigo 210 do TRLCSP e dentro dos límites e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados nese texto legal e no resto da lexislación vixente, ten as prerrogativas de interpretar o contrato administrativo, resolver as dúbidas que presente o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acadar a súa resolución e determinar os seus efectos.

Expresamente faise constar que no caso de existir algunha discrepancia entre os pregos de prescricións técnicas e o previsto no presente prego de cláusulas administrativas, prevalecerá este último.

## CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Ref<sup>o</sup>: proposta servizo actividades ANIMACION SOCIOCULTURAL 2012

Asunto:

### TERCEIRA. DURACIÓN DO CONTRATO

A duración do presente contrato é de DOUS ANOS contados a partires da formalización do contrato administrativo, podendo ser obxecto de prórroga por mutuo acordo das partes por períodos máximos anuais, sen que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas poida exceder de CATRO ANOS.

### CUARTA. PREZO DO CONTRATO. VALOR ESTIMADO

4.1.- O prezo do contrato para a primeira anualidade ascende á cantidade de **196.673,85 euros mais o 8% de IVE ó ano ( 15.733,91)**, do cal resulta un presuposto máximo de **212.407,76 euros**.

Para a determinación do gasto anual correspondente ás ACTIVIDADES DE OCIO E TEMPO LIBRE tense en conta o prezo/hora que se fixa en **13,82 euros sen IVE polo que sumado o IVE (8%) – 1,11 euros- resulta un total de 14,93 euros** (dentro deste prezo inclúese o gasto de material funxible que debe subministrar a empresa contratista) así como o número de horas estimadas para cada un dos catro bloques comprensivos desta actividade e que se sinala no ANEXO I do prego de prescripcions técnicas, resultando un custo total de 120.574,68 euros IVE engadido.

- Para a determinacion do gasto anual correspondente ás ACTIVIDADES DE APOIO E AUXILIO COMPLEMENTARIAS tense en conta o prezo/hora que se fixa en **11,04 euros sen IVE polo que sumado o IVE (8%) – 0,88 euros- resulta un total de 11,92 euros** e o número de horas anuais que se estiman para esta actividade (345 horas) resultando un custo total de 4.112,40 euros IVE engadido.

- Para a determinacion do gasto anual correspondente ó servizo de ATENCION E DINAMIZACION SOCIOCULTURAL tense en conta o prezo/hora que se fixa en **9,99 euros sen IVE polo que sumado o IVE (8%) – 0,80 euros- resulta un total de 10,79 euros** e o número de horas anuais que se estiman para esta actividade (7.602), polo que resulta un custo total de 82.025,58 euros IVE engadido.

- Respecto ás EXCURSIONS, establécese un prezo fixo para cada excursión ( 10 anuais cunha duración para cada excursión de 7 horas) e para cuio cálculo tense en conta o custo de un monitor-acompañante e tódolos gastos necesarios para a súa realización ( gastos de xestión, transporte en autobús e seguros)

## **CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO**

MLA/atm

Ref<sup>a</sup>: proposta servizo actividades ANIMACION SOCIOCULTURAL 2012

Asunto:

resultando un prezo unitario de **527,32 euros ó que sumado o IVE ( 8%) – 42,19 euros - resulta un prezo de 569,51 euros para cada excursión**. En consecuencia o custo total anual para a realización das excursións ascende a 5.695,10 euros.

Para tódolos efectos enténdese que nos prezos ofertados están incluídos tódolos gastos que a empresa deba realizar para o cumprimento das obrigas contratas como son os gastos xerais, financeiros, beneficio, seguros transporte e desprazamento, manutención , soldos do persoal e do coordinador, taxas e toda clase de tributos.

4.2.- O valor estimado deste contrato é de 786.695,40 euros.

4.3.- Faise constar a existencia de consignación orzamentaria nas aplicacións 23000.22799, 23101.22799, 23102.22799, 23103.22799, 23104.22799, 23105.22799, 23106.22799 e 23107.22799 do vixente Orzamento xeral para a cantidade de 212.407,76 euros

De conformidade co artigo 174.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, o crédito correspondente á cobertura de obrigas que, de ser o caso, se devenguen no exercizo 2013 e sucesivas prórrogas queda condicionado á adopción do compromiso de habilitación de crédito para os ditos orzamentos polo órgano competente.

### **QUINTA. PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN. CAPACIDADE DE LICITAR.**

O presente contrato adxudicarase polo procedemento aberto, previsto e regulado polos artigos 138, 157 e seguintes do TRLCSP.

Están facultados para tomar parte na licitación e contratar con este Excmo. Concello as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estén incursas en prohibición de contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica e profesional segundo o establecido nos artigos 54 e seguintes do TRLCSP.

Ademais das condicións xerais esixidas pola Lei, a empresa adxudicataria deberá dispoñer dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

## **CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO**

MLA/atm

Ref<sup>o</sup>: proposta servizo actividades ANIMACION SOCIOCULTURAL 2012

Asunto:

Os empresarios deberán contar, asimesmo, coa habilitación empresarial ou profesional que, de ser o caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúa o obxecto do contrato.

Poderán así mesmo, presentar proposicións as unións de empresarios que se constitúan temporalmente de conformidade co artigo 59 do TRLCSP. Cada un dos empresarios que compoñen a agrupación, deberá acreditar a súa capacidade de obrar e a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, coa presentación da documentación a que fan referencia as cláusulas seguintes, debendo indicar en documento privado os nomes e circunstancias dos empresarios que subscriban, a participación de cada un deles e a persoa ou entidade que, durante a vixencia do contrato posuirá a plena representación ante a administración e que asumen o compromiso de constituírse en unión temporal de empresas. O citado documento deberá estar firmado polos representantes de cada unha das empresas compoñentes da Unión.

### **SEXTA. CRITERIOS DE SOLVENCIA ECONÓMICA, FINANCEIRA E TÉCNICA.**

6.1.-A xustificación da solvencia económica e financeira deberá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

- a) Declaracións apropiadas de entidades financeiras ou, no seu caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.
- b) Contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou no Rexistro oficial que corresponda. Os empresarios non obrigados a presentar as contas en rexistros oficiais poderán aportar, como medio alternativo de acreditación, os libros de contabilidade debidamente legalizados.
- c) Declaración sobre o volume global de negocios e, no seu caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondente ó obxecto deste contrato, referido como máximo ós tres últimos exercizos dispoñibles en función da data de creación ou de inicio das actividades do empresario, na medida en que se dispoña das referencias de dito volume de negocio.

Se por razóns xustificadas un empresario non pode facilitar as referencias solicitadas poderá acreditar a súa solvencia económica e financeira por calquera outra documentación considerada como suficiente pola Administración.

6.2 A solvencia técnica poderá ser xustificada por un ou varios dos medios seguintes:



## **CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO**

MLA/atm

Ref<sup>o</sup>: proposta servizo actividades ANIMACION SOCIOCULTURAL 2012

Asunto:

- a) Relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos tres anos que inclúa o importe, datas e o destinatario, público ou privado, dos mesmos. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público, ou cando o destinatario sexa un suxeto privado, mediante un certificado expedido por éste, ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ó órgano de contratación pola autoridade competente.
- b) Indicación do persoal técnico ou das unidades técnicas, integradas ou non na empresa, participantes no contrato, especialmente aqueles encargados do control de calidade.
- c) Descrición das instalacións técnicas, das medidas empregadas polo empresario para garantir a calidade e dos medis de estudo e investigación da empresa.
- d) Cando se trate de servizos ou traballos complexos ou cando, excepcionalmente, deban responder a un fin especial, un control efectuado polo órgano de contratación ou, en nome deste, por un organismo oficial ou homologado competente do Estado no que esté establecido o empresario, sempre que medie acordo do devandito organismo. O control versará sobre a capacidade técnica do empresario e, se fose preciso, sobre os medios de estudo e investigación de que dispoña e sobre as medidas de control de calidade.
- e) Titulacións académicas e profesionais do empresario e do persoal directivo da empresa e, en particular, do persoal responsable da execución do contrato.
- f) Nos casos axeitados, indicación das medidas de xestión medioambiental que o empresario poderá aplicar ó executar o contrato.
- g) Declaración sobre a plantilla media anual da empresa e a importancia do seu persoal directivo durante os tres últimos anos, acompañada da documentación xustificativa correspondente.
- h) Declaración indicando a maquinaria, material e equipo técnico do que se disporá para a execución dos traballos ou prestacións, á que se xuntará a documentación acreditativa pertinente.
- i) Indicación da parte do contrato que o empresario ten eventualmente o propósito de subcontratar.

### **SÉTIMA. GARANTÍAS.**

De conformidade co artigo 103 do TRCSP non resulta esixible a constitución de garantía provisional.

## CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Refº: proposta servizo actividades ANIMACION SOCIOCULTURAL 2012

Asunto:

O licitador que presente a oferta económicamente máis ventaxosa estará obrigado a constituír unha garantía definitiva dun 5% do importe de adjudicación, excluído o IVE, no prazo máximo de 10 días hábiles contados a partir do seguinte a aquel en que recibese o requerimento a que se refire o artigo 151.2 do TRLCSP. De non cumprirse este requisito en prazo entenderase que o licitador retirou a súa oferta procedéndose neste caso a recabar a mesma documentación ó licitador seguinte pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas.

As garantías poderán prestarse nalgunha das formas sinaladas no artigo 96 do TRLCSP, esto é:

- a) En efectivo ou en valores de debeda pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas no TRLCSP e normas de desenvolvemento.
- b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento do TRLCSP, por algún dos bancos, caixas de aforro, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberán depositarse nos establecementos sinalados no artigo 96 do TRLCSP.
- c) Mediante contrato de seguro de caución celebrado cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado de seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados no artigo 96 do TRLCSP.

### **OITAVA. ANUNCIO DE LICITACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS.**

O Concello de Lugo publicará un anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello ([www.lugo.es](http://www.lugo.es))  
O prazo de presentación de proposicións será de **quince días naturais** contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

### **NOVENA. PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS.**

As empresas presentarán a súa proposición en DOUS sobres pechados, asinados polo proponente ou polo seu representante, facendo constar o título do procedemento, nome do licitador, dirección, teléfono e fax, para os efectos de notificacións. Ditos sobres denominaranse coas letras A de

## CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Refº: proposta servizo actividades ANIMACION SOCIOCULTURAL 2012

Asunto:

### DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA e letra B relativa á OFERTA ECONÓMICA

Os sobres de que consta a proposición presentaranse, durante o prazo sinalado na cláusula oitava, antes sinalada, no Rexistro Xeral do Excmo. Concello de Lugo, en horario de 9 a 14 horas (de luns a venres) ou enviadas por correo. No suposto que o último día de presentación das proposicións coincidirá en sábado ou festivo prorrogarase ó seguinte día hábil.

Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificarla data de imposición do envío e anunciarlle ó órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, telegrama ou fax no mesmo día. Sen a concurrencia de ámbolos dous requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos, non obstante, 10 días naturais seguintes á dita data sen se recibir a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

Faise constar expresamente a non admisibilidade de variantes ou alternativa nas proposicións por tratarse dun contrato cun obxecto perfectamente determinado.

### **DÉCIMA. DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA E PROPOSTA ECONÓMICA.**

**O sobre denominado A - DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA -** conterá, como mínimo, os seguintes documentos:

1.- Acreditativos da **personalidade e capacidade** do licitador, que serán:

a) Se se trata de empresario individual (persoa física), copia auténtica do DNI

b) Os restantes empresarios (persoas xurídicas):

-Escritura de constitución ou modificación se é o caso debidamente inscrita no seu correspondente rexistro mercantil cando este requisito fose esixible conforme á lexislación que lle sexa aplicable.

Se é o caso, mediante a presentación de escritura ou documento de constitución ou modificación dos estatutos ou acto fundacional no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos se é o caso, no correspondente Rexistro Oficial.

-Copia do DNI da persoa representante asinante da proposición.

2.- Acreditativos da **extensión das facultades do representante ou apoderado:**

## CONTRATAACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Ref<sup>o</sup>: proposta servizo actividades ANIMACION SOCIOCULTURAL 2012

Asunto:

Cando o licitador actúe mediante representante ou se trate dunha sociedade ou persoa xurídica deberá presentar documento fidedigno acreditativo da existencia da representación e do ámbito das súas facultades para licitar inscrito no Rexistro Mercantil.

Neste caso e para acreditar axeitadamente a representación perante o órgano de contratación o dito documento ou poder de representación deberá estar bastanteado pola Titular da Asesoría Xurídica do Concello ou por funcionarios/as do servizo de contratación do Concello habilitados ó efecto. Para isto, presentárase orixinal e fotocopia nas oficinas de contratación do Excmo. Concello de Lugo, cunha anterioridade mínima de dous días hábiles ó remate do prazo de presentación das proposicións, de 9,30 a 14,00 horas, de luns a venres e aboaráse a correspondente taxa (9,90 euros aprox).

**3.- Declaración responsable** do licitador outorgada ante o Concello de Lugo, notario ou organismo profesional cualificado na que se faga constar **que non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para contratar co Concello de Lugo previstas no artigo 60 do TRLCSP e de que se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias -incluídas tamén co Concello de Lugo- e de Seguridade Social** impostas polas disposicións vixentes. Nesta declaración farase constar asimesmo que o licitador esta dado de alta no IAE no epígrafe correspondente ó obxecto do contrato non habendo causado baixa neste. Non obstante, os licitadores deberán ter en conta que, no caso de ser seleccionados para ser adxudicatarios, deberán acreditar debidamente estas circunstancias no prazo e coas formalidades previstas na Lei e neste prego.

Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo económico europeo e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por declaración responsable ante unha autoridade xudicial.

O cumprimento das obrigas tributarias pode substituírse por certificacións expedidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria segundo se trate de tributos estatais e das obrigas de Seguridade Social mediante certificación expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

**4.- Presentación da alta e, no seu caso, do derradeiro recibo do Imposto sobre Actividades Económicas completado cunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do dito imposto.**

Sen prexuízo da obriga de acreditar a alta no dito imposto, no suposto de atoparse nalgunha das exencións reguladas no artigo 82.1. do Real Decreto Legislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei

## CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Ref<sup>a</sup>: proposta servizo actividades ANIMACION SOCIOCULTURAL 2012

Asunto:

reguladora das facendas locais, deberá xustificarse mediante unha resolución expresa da concesión da exención da Administración competente ou unha declaración responsable de ter unha cifra de negocios inferior a un millón de euros.

Os suxeitos pasivos aos que se refire o artigo 82.1.a), d), g) e h) do Real Decreto legislativo 2/2004 non estarán obrigados a presentar declaración de alta na matrícula do imposto

**Quedarán dispensados de presentar a documentación referida nos catro apartados anteriores os licitadores inscritos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia** agás para o cumprimento do requisito de atoparse ó corrente coas obrigas tributarias co Concello de Lugo por non ser de obrigada inscrición nos ditos Rexistros. **Para a acreditación deste requisito deberá achegar unha declaración responsable conforme o modelo do ANEXO II deste prego de cláusulas administrativas.**

A efectos desta dispensa os licitadores deberán achegar no sobre A o número de inscrición e incluír a correspondente certificación onde se reflecta a información a que se refiren os parágrafos anteriores. Esta dispensa terá validez sempre e cando a información que facilite o dito certificado estea vixente na data límite do prazo sinalado para a presentación de ofertas.

Conforme o establecido no artigo 146 do TRLCSP deberá achegar unha **declaración responsable ( conforme modelo ANEXO II) no que se manifeste que as circunstancias reflectidas no correspondente certificado non experimentaron variación.** A dita declaración reiterarase no caso de resultar seleccionado e no documento no que se formalice o contrato.

5.- Acreditación da **solvenza económica e financeira** así como **solvenza técnica e profesional** polos medios indicados na cláusula sexta deste prego de cláusulas.

Os licitadores con inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia deberán presentar - no caso de non reflectirse esta información no correspondente certificado - a documentación acreditativa da solvenza económica e financeira así como a solvenza técnica e profesional agás nos casos que de conformidade cos artigos 62.2 e 74.2 do TRLCSP a xustificación da solvenza poda substituírse pola correspondente clasificación.

## CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Ref<sup>o</sup>: proposta servizo actividades ANIMACION SOCIOCULTURAL 2012

Asunto:

### **6.- No caso de que as propostas fosen presentadas por estranxeiros, ademais da anterior documentación, terán que aportar a seguinte:**

a) Os licitadores estranxeiros de estados membros da Unión Europea ou asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a inscrición nos rexistros ou presentación das certificacións que se sinalan no Anexo I do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro.

b) Os licitadores de estados non membros da Comunidade Europea e dos non asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo ademais de acreditar a súa capacidade para contratar e obrigarse conforme á lexislación do seu estado e a súa solvencia económica, financeira, deberán presentar os seguintes documentos:

- Informe expedido pola Misión Diplomática Permanente ou Oficina Consular de España no lugar de domicilio da empresa no que se faga constar, previa demostración pola empresa, que figura inscrita no Rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan con habitualidade no tráfico local.

- Informe de reciprocidade da Misión Diplomática Permanente de España na que faga constar que o estado de procedencia da empresa admite pola súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa administración en forma sustancialmente análoga. Exceptúase deste requisito os casos de contratos suxeitos a regulación harmonizada en relación coas empresas de Estados signatarios do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial do Comercio ( artigo 44 da LCSP)

En todo caso, as empresas estranxeiras deberán asinar unha declaración de sometemento á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para a resolución de calquera das cuestións litixiosas que puideran xurdir durante a formalización e execución do contrato.

Os licitadores estranxeiros presentarán os documentos que teñan que aportar traducidos de forma oficial en calquera dos idiomas galego ou castelán.

Os documentos a que se refire esta cláusula poderán ser orixinais ou presentarse mediante copia autenticada por notario ou polo/a funcionario/a encargado/a do Rexistro deste Excmo. Concello.

**CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO**

MLA/atm

Refº: proposta servizo actividades ANIMACION SOCIOCULTURAL 2012

Asunto:

**O sobre denominado B - OFERTA ECONÓMICA**, conterà o seguinte modelo, debidamente cuberto.

Don ....., con domicilio en ..... e DNI nº ....., expedido o ....., en plena posesión da súa capacidade xurídica e de obrar, en nome propio (ou en representación de ....., con DNI ou CIF nº .....), fai constar:

a) Que solicita tomar parte no concurso convocado para a **CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN INTEGRAL DAS ACTIVIDADES DE ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL NOS CENTROS DE CONVIVENCIA MUNICIPAL E OUTRAS . EXERCIZO 2012**

b) **Que oferta os seguintes prezos unitarios:**

- Propón como prezo para as actividades de ocio e tempo libre incluídas na programación de animación sociocultural ..... euros/hora polo que sumado o IVE (8%) ..... euros , resulta un total de ....euros IVE incluído.

- Propón como prezo para a prestación das tarefas de apoio e auxilio complementarias ..... euros/hora polo que sumado o IVE (8%) ..... euros , resulta un total de ....euros IVE incluído

- Propón como prezo para a prestación das tarefas de atención e dinamización sociocultural ..... euros/hora polo que sumado o IVE (8%) ..... euros , resulta un total de ....euros IVE incluído

- Propón un prezo por excursión de..... euros polo que sumado o IVE (8%) ..... euros , resulta un total de ....euros IVE incluído para cada excursión

Tódalas cantidades consignaranse en letra e número.

c) **Oferta como melloras sen custo as seguintes horas**

- ..... horas anuais para a realización de actividades de ocio e tempo libre

- .....horas anuais para actividades de apoio e auxilio complementarias

- ..... horas anuais para o servizo de atención e dinamización sociocultural en fines de semana e festivos

## **CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO**

MLA/atm

Refº: proposta servizo actividades ANIMACION SOCIOCULTURAL 2012

Asunto:

d) Acepta incondicionalmente cantas obrigas se deriven do prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, como licitador e como adxudicatario, no seu caso.

e) Reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.

(Lugar, data e sinatura)

### **DÉCIMO PRIMEIRA. MESA DE CONTRATACIÓN E APERTURA DE PLICAS**

De conformidade co previsto no artigo 320 do TRLCSP a Mesa de Contratación estará integrada por:

**PRESIDENTE:** Sra Concelleira delegada da área de economía, emprendemento, autónomos e educación.

**VOCAIS:**

- A Concelleira delegada da área de benestar social, igualdade e xuventude.
- Un Concelleiro de cada un dos grupos políticos que forman a Corporación
- O Interventor xeral ou funcionario/a que o substitúa
- Un representante da asesoría xurídica do Concello ou funcionario/a que a substitúa.

**SECRETARIO:** O xefe do servizo de contratación ou funcionario/a que o substitúa.

O acto de apertura do sobre B celebrarase ó segundo día natural contado a partires do remate do prazo de presentación de proposicións, procedéndose previamente á apertura e cualificación da documentación administrativa (sobre A). Se dito día coincidise en sábado ou festivo, a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

No caso de que a apertura do sobre B se realice en día distinto ó sinalado así como nos casos de celebración pola Mesa de Contratacion de sesións que deban realizarse en acto público, os licitadores serán convocados mediante inserción da



**CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO**

MLA/atm

Refº: proposta servizo actividades ANIMACION SOCIOCULTURAL 2012

Asunto:

convocatoria no perfil do contratante do Concello de Lugo cunha antelación mínima de 48 horas respecto á data da celebración da sesión.

**DÉCIMO SEGUNDA. CRITERIOS DE AVALIACIÓN.**

Os **criterios para a valoración** das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa serán os seguintes, os cales se sinalan por orde decrecente de importancia e ponderación:

A- PREZO OFERTADO Á BAIXA, ata un máximo de ..... 40 PUNTOS.

a.1. prezo/hora de monitor correspondente ás actividades de ocio e tempo libre, o prezo fíxase en €/hora.

A proposición que oferte o prezo/hora de monitor máis baixo obterá a máxima puntuación ( 20 puntos) e as proposición que presenten o prezo tipo de licitación obterán 0 puntos. As restantes proposicións valoraranse de xeito proporcional.

PUNTUACIÓN: MÁXIMO 20 PUNTOS

a.2. prezo/hora correspondente ás actividades de apoio e auxilio complementarias, o prezo fíxase en €/hora.

A proposición que oferte o prezo/hora de monitor máis baixo obterá a máxima puntuación ( 5 puntos) e as proposición que presenten o prezo tipo de licitación obterán 0 puntos. As restantes proposicións valoraranse de xeito proporcional.

PUNTUACIÓN: MÁXIMO 5 PUNTOS

a.3. prezo/hora correspondente ó servizo de atención e dinamización sociocultural as fines de semana e festivos, o prezo fíxase en €/hora.

A proposición que oferte o prezo/hora de monitor máis baixo obterá a máxima puntuación ( 10 puntos) e as proposición que presenten o prezo tipo de licitación obterán 0 puntos. As restantes proposicións valoraranse de xeito proporcional.

PUNTUACIÓN: MÁXIMO 10 PUNTOS

a.4. prezo unitario excursión, o prezo fíxase en prezo/excursión .

A proposición que oferte o prezo por excursión máis baixo obterá a máxima puntuación ( 5 puntos) e as proposición que presenten o prezo tipo de licitación obterán 0 puntos. As restantes proposicións valoraranse de xeito proporcional.

### PUNTUACIÓN: MÁXIMO 5 PUNTOS

**A valoración do prezo ofertado realizarase excluindo o Imposto sobre Valor Engadido.\_Nos casos de presentación de ofertas por parte de entidades que estean exentas do IVE pola prestación deste servizo, o prezo máximo de licitación será o prezo/hora sen IVE establecido nestes pregos.**

**Consideraranse anormais ou desproporcionadas as ofertas de prezos unitarios sinalados nos apartados a.1 , a.2 e a.3 anteriores que sexan inferiores en máis de cinco unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas para os ditos apartados.**

**O carácter anormal ou desproporcionado aplicarase para cada un dos apartados de modo independente de modo que a existencia desta circunstancia para calquera dos apartados implicará que a oferta no seu conxunto sea considerada anormal ou desproporcionada.**

**Neste caso aplicarase o disposto no artigo 152 do TRLCSP debendo a empresa xustificar a valoración da súa oferta que ademais garanta o cumprimento das obrigas salariales e de seguridade social conforme o convenio colectivo que sexa aplicable.**

**B.-MELLORAS OU SERVICIOS OFERTADAS SEN CUSTO A MAIORES DAS PREVISTAS NOS PREGOS -----MÁXIMO 10 PUNTOS desglosados como segue:**

Dentro deste apartado valorarase **exclusivamente** a presentación por parte das empresas das seguintes melloras , e en concreto:

**1.- maior número de horas** a realizar dentro das **actividades de ocio e tempo libre**, as empresas licitadoras deberán indicar e ofertar un número de horas anuais .Obterá a máxima puntuación ( 6 puntos) as empresas que oferten **o maior número de horas anuais** en total , 0 puntos as que non oferten ningunha hora a maiores e as demais de xeito proporcional.

**PUNTUACIÓN : MÁXIMO 6 PUNTOS**

**2.- maior número de horas** a realizar dentro das actividades de apoio e auxilio complementarias, as empresas licitadoras deberán indicar e ofertar un número de horas anuais .

Obterá a máxima puntuación ( 2 puntos) as empresas que oferten **o maior número de horas anuais** en total , 0 puntos as que non oferten ningunha hora a maiores e as demais de xeito proporcional.

**PUNTUACIÓN : MÁXIMO 2 PUNTOS**

## CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Refº: proposta servizo actividades ANIMACION SOCIOCULTURAL 2012

Asunto:

3.- **maior número de horas** a realizar dentro do servizo de atención e dinamización sociocultural en fines de semana e festivos, as empresas licitadoras deberán indicar e ofertar un número de horas anuais .

Obterá a máxima puntuación ( 2 puntos) as empresas que oferten **o maior número de horas anuais** en total , 0 puntos as que non oferten ningunha hora a maiores e as demais de xeito proporcional.

PUNTUACIÓN : MÁXIMO 2 PUNTOS

As melloras ofertadas deberán ir referidas a un período de un ano e deberán executarse nas mesmas condicións e número para cada anualidade do contrato e a súa execución realizarase conforme a realización efectiva do contrato.

### **DÉCIMO TERCEIRA. ADXUDICACIÓN**

A adxudicación do contrato será realizada polo órgano competente, a proposta da mesa de contratación. Unha vez seleccionada a oferta economicamente máis vantaxosa segundo os criterios de adxudicación establecidos neste prego, requirirase ao licitador que presentase esta oferta para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel no que recibira o requirimento, presente a documentación acreditativa de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e de Seguridade Social e de ter constituída a garantía definitiva que sexa procedente.

De non cumprimentarse axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedéndose nese caso a recabar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde na que quedaran clasificadas as ofertas.

O órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

Unha vez acordada a adxudicación do contrato, notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante

Na notificación así como no perfil do contratante indicarse o prazo en que debe procederse á formalización do contrato

### **DÉCIMO CUARTA. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.**

A formalización do contrato en documento administrativo non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles dende que se remita a notificación

## **CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO**

MLA/atm

Ref<sup>o</sup>: proposta servizo actividades ANIMACION SOCIOCULTURAL 2012

Asunto:

da adxudicacion ós licitadores e candidatos. O órgano competente requirirá ó adxudicatario para que formalice o contrato no prazo non superior a cinco días contados dende o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo anterior sen interpoñerse o recurso que leve aparelhada a suspensión da formalización do contrato.

No caso de que o contrato fora adxudicado a unha agrupación de empresas, deberán estas acreditar a constitución da mesma, en escritura pública, dentro do prazo outorgado para a formalización do contrato.

Cando por causas imputables ó contratista non se puidese formalizar o contrato dentro do prazo sinalado, o Concello poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional que, se é o caso houbera esixido.

Previamente á formalización do contrato o adxudicatario deberá achegar o xustificante de aboamento dos gastos dos anuncios e do importe dos impostos, dereitos, taxas, prezos públicos e demais que orixine a licitación e formalización do contrato.

### **DÉCIMO QUINTA. EXECUCIÓN DO CONTRATO. CONDICIÓNES ESPECIAIS DE EXECUCIÓN DO CONTRATO.**

1. Os traballos executaranse con estricte suxeición ás cláusulas estipuladas neste prego e no prego de prescricións técnicas aprobado polo Concello e conforme as instrucións que, en interpretación técnica deste dera ó contratista o responsable do contrato (Xefe/a de servizo de servizos sociais), o cal terá as facultades sinaladas no artigo 52 do TRLCSP.

Cando as instrucións foran de carácter verbal deberán ser ratificadas por escrito, o máis axiña posible, para que sexan vinculantes ás partes.

2. Se durante o desenvolvemento dos traballos se detectase a conveniencia ou necesidade da súa modificación ou a realización de actuacións non contratadas, actuarase na forma prevista nos artigos 105 e seguintes do TRLCSP.

3. Os dereitos e obrigacións dimanantes do contrato poderán ser cedidos a un terceiro sempre que se cumpran os requisitos establecidos no artigo 226 do TRLCSP e que as calidades técnicas ou persoais do cedente non foran razón determinante da adxudicación do contrato.

## CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Ref<sup>o</sup>: proposta servizo actividades ANIMACION SOCIOCULTURAL 2012

Asunto:

4. Faise constar expresamente que a contratación polo adxudicatario da realización parcial do contrato con terceiros estará suxeita ós requisitos establecidos no artigo 227, así como o pagamento a subcontratistas e subministradores deberá axustarse ó disposto no artigo 228 do TRLCSP

5. De conformidade co **artigo 118 do TRLCSP** establecece a obriga por parte da empresa de realizar medidas de promoción do emprego de persoas con dificultades de inserción no mercado laboral. A tal efecto e para os casos de baixas, substitución ou novas incorporacions de persoal para o desenvolvemento das actividades obxecto do presente contrato a empresa deberá consultar ós servizos sociais municipais a existencia de persoas que puideran atoparse en tales circunstancias tales como mulleres en situación de desvantaxe social, inmigrantes, persoas de etnia xitana, maiores de 45 anos, parados de longa duración, persoas discapacitadas, etc...

A comprobación da capacidade e aptitude destas persoas realizarase pola empresa adxudicataria, ós efectos da súa contratación laboral.

### **DÉCIMO SEXTA. REVISIÓN DE PREZOS**

Non procederá a revisión de prezos do contrato durante o primeiro ano tralo comezo da prestación dos traballos. Nas restantes anualidades e no caso de prórroga, os prezos de adxudicación poderán revisarse conforme á variación experimentada polo Índice de Prezos ó Consumo (IPC) durante a anualidade inmediatamente anterior, tendo en conta que a revisión non poderá superar o 85 por cen da variación experimentada polo índice adoptado.

O índice de revisión aplicado ó contrato será invariable durante a vixencia do mesmo e determinará a revisión de prezos en cada data respecto á data final do prazo de presentación de ofertas polo procedemento de concurso. Neste punto estarase por tanto ó que indiquen os artigos 90 e seguintes do TRLCSP.

### **DÉCIMO SÉTIMA. GASTOS**

Os gastos derivados da contratación e da formalización do contrato, incluíndose anuncios de licitación e taxas (600 euros máximo), serán por conta do contratista adxudicatario.

Encontrarase, así mesmo, obrigado ó pagamento de tódolos xéneros de tributos estatais, locais e autonómicos e a solicitar a concesión das autorizacións e licencias que lle fosen necesarias das administracións ou organismos públicos ou privados, sendo da súa conta as xestións e gastos que se ocasionen.

## **CONTRATAACION, PATRIMONIO E FOMENTO**

MLA/atm

Ref<sup>o</sup>: proposta servizo actividades ANIMACION SOCIOCULTURAL 2012

Asunto:

### **DÉCIMO OITAVA. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS SOCIAIS E LABORAIS.**

- O contratista estará obrigado a cumprir as disposicións vixentes en materia de protección da industria.

- O contratista está obrigado, igualmente, a cumprir as disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de Seguridade e Hixiene no traballo.

- O contratista comprométese a adoptar as medidas necesarias, tanto de carácter técnico como organizativo que garantan a seguridade dos datos que lles sexan facilitados ou ós que teñan acceso co fin de evitar a súa alteración, uso inadecuado, perda, tratamento e acceso non autorizado e a gardar sxiilo e segredo profesional aínda despois de rematar a relación co Concello de Lugo.

Para o cumprimento da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, a empresa deberá de achegarlle ó Gabinete de Prevención de Riscos Laborais do Concello con carácter previo ó inicio da prestación de que se trate a seguinte documentación:

1.- Xustificación da modalidade de desenvolvemento da actividade preventiva na empresa.

a) No suposto de que esta concertara un servizo de prevención alleo, deberá presentar certificación del, comprensiva das especialidades concertadas e vixencia do concerto.

b) No suposto de que sexa membro dun servizo mancomunado, deberá presentar a acta da súa constitución.

c) Se existe un traballador designado, haberá de indicarse o seu nome, así como a súa aceptación.

2.- Certificación de que a avaliación e plan de acción están feitas ou en procedemento, así como acreditar que foi realizada a información e formación dos traballadores, ou ben que se está realizando.

3.- No caso de que a empresa contratista subcontrate todos ou parte dos traballos con outras empresas, estas deberán de achegarlle a documentación esixida ó contratista principal, e este será responsable en caso de non levalos a cabo.

4.- En todo caso o Concello, en calquera momento durante o prazo de vixencia do contrato, poderá solicitar da empresa contratista ou subcontratista os

## CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Ref<sup>o</sup>: proposta servizo actividades ANIMACION SOCIOCULTURAL 2012

Asunto:

requisitos legalmente establecidos na lexislación de prevención de riscos laborais.

5.- No caso de non achegar a dita documentación, non poderá realizarse a contratación. E no mantemento de tales requisitos durante o prazo de vixencia do contrato dará lugar á súa rescisión sen que iso xere ningún tipo de indemnización a favor da empresa.

Xúntase anexo ó presente prego para que sexa cuberto pola empresa e enviado ó Concello.

O incumprimento destas obrigas por parte do contratista ou a infracción das disposicións sobre seguridade por parte do persoal técnico designado por el non implicará responsabilidade ningunha para a Administración contratante.

Ós efectos do establecido no artigo 223 as obrigas establecidas nesta clausula teñen o carácter de **obrigas contractuais esenciais** cuxo incumprimento dará lugar a resolución. Para o cumprimento desta obriga a empresa contratista deberá manter actualizado en todo momento ó longo da vida do contrato os correspondentes certificados de atoparse ó corrente coa Seguridade Social e coa Administración Tributaria estatal que se presentarán, cando sexa procedente, xunto coas correspondentes facturas para a súa tramitación polo responsable do contrato.

Asimesmo poderá esixirse calquera documentación que o Concello estime oportuna para a comprobación do cumprimento das obrigas laborais e demais sinaladas.

A autorización para acceder ós datos de carácter persoal que consten na Seguridade Social así como na Axencia Estatal da Administración Tributaria-que se achegará polo contratista previamente á formalización do contrato- non excusará da obriga de presentar os certificados anteriormente sinalados.

### **DÉCIMO NOVENA. RESPONSABILIDADE DO ADXUDICATARIO E OBRIGAS ESPECIAIS**

O adxudicatario asumirá a total responsabilidade da execución do contrato fronte ó Excmo. Concello de Lugo, axustándose estrictamente ó presente prego, ó de prescricións técnicas e demais aspectos contractuais, así como o previsto no TRLCSP en relación coa subcontratación de calquera tipo de servizos, obras ou actividades propias desta.

## **CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO**

MLA/atm

Refº: proposta servizo actividades ANIMACION SOCIOCULTURAL 2012

Asunto:

O persoal propio da empresa adxudicataria non terá vinculación laboral, administrativa nin de calquera outra modalidade co Excmo. Concello de Lugo.

Para os efectos da responsabilidade que puidese derivarse para o adxudicatario por danos fronte a terceiros, por causa imputable á empresa ou a calquera dos seus elementos adscritos ó contrato, presentárase, previamente á formalización do contrato administrativo, seguro de responsabilidade civil para a cobertura dos riscos que puidesen derivarse da relación contractual co Excmo. Concello de Lugo.

Malia o anterior, o contratista non será responsable dos danos e perdas ocasionados cando sexan consecuencia dunha orde directa da Administración.

### **VIXÉSIMA. PAGAMENTO.**

O pagamento efectuarase contra facturas mensuais, unha vez efectuados os controles regulamentarios correspondentes e conformada polo/a técnico municipal responsable da animacion sociocultural de cada centro de convivencia ou, se é o caso, pola xefa de servizo de servizos sociais, a Concelleira delegada da área de benestar social, igualdade e xuventude e maila Concelleira delegada da área de economía, emprendemento, autónomos e educacion.

Nas facturas deberá facerse constar:

- Indicación do centro de convivencia ó que corresponde.
- Relación de actividades realizadas e número de horas correspondentes a cada actividade
- Relación de material subministrado, coa indicación da actividade á que corresponde e do centro social no que foi subministrado.
- Relación de número de horas realizadas en concepto de tarefas de apoio e auxilio complementarias ó desenvolvemento das actividades, se é o caso.
- Relación de número de horas realizadas en cada centro social en concepto de tarefas de atención e dinamización sociocultural durante as fins de semana e outros días festivos, se é o caso.

No referente ás actividades de ocio e tempo libre encadradas dentro do bloque 3 ( mediacion socializadoras ) , bloque 4 ( actividades lúdicas e de tempo de ocio para nenos/as) e as excursións, a facturación a presentar realizarase mensualmente por actividade ou programa diferenciando cada un dos centros de



## CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Refº: proposta servizo actividades ANIMACION SOCIOCULTURAL 2012

Asunto:

convivencia e fará constar certificación mensual individualizada do traballo realizado polos profesionais detallándose o número de horas

Mensualmente xunto coas facturas presentarase un informe xustificativo do estado de execucion das melloras correspondentes a ese mes.

### **VIXÉSIMO PRIMEIRA. INFRACCIÓNS E SANCIÓN.**

O Concello poderá esixir responsabilidade ó contratista pola infracción dos seus deberes, con independencia do procedente respecto á extinción do contrato. As infracción cometidas polo contratista clasifícanse en leves, graves e moi graves.

#### a) Faltas leves.

Terán a consideración de faltas leves:

- As que impliquen irregularidades na observancia das obrigas e deberes contidos neste prego, sen transcendencia directa apreciable na prestación do servizo.
- As que impliquen negligencia na prestación do servizo e non supoñan unha alteración grave do seu funcionamento.
- A desobediencia leve nas ordes que emanan dos técnicos municipais responsables da animación sociocultural e que se dicten para a eficaz e normal prestación do servizo.

#### b) Faltas graves.

Terán a consideración de faltas graves as seguintes:

- A desobediencia reiterada ás ordes que emanen dos técnicos municipais responsables da animación sociocultural e que se dicten para a eficaz e normal prestación do servizo.
- As accións e omisións que alteren a regularidade na prestación do servizo.
- O trato irrespectuoso ós participantes nas actividades, persoal municipal ou axentes da autoridade, así como calquera acción do persoal que supoña un desprestixio do servizo.
- Non acudir ás reunións de seguimento do contrato cando sexa convocado.

## CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Ref<sup>o</sup>: proposta servizo actividades ANIMACION SOCIOCULTURAL 2012

Asunto:

- Non gardar o debido segredo profesional respecto dos asuntos que se coñezan en razón dos servizo prestado e que prexudique ó usuario ou ás familias empregándoo en beneficio propio.
- Non proporcionar a información e documentación necesaria relacionada coa execución da programación sociocultural que lle poida ser requirida polos técnicos municipais da animación sociocultural.

### c) Faltas moi graves.

- A utilización das instalacións, elementos ou material adscritos ao contrato para fins distintos dos previstos no contrato.
- Incumprir as normas laborais ou convenio colectivo do persoal a empregar.

As sancións que se poderán impoñer ó contratista como resultado do expediente sancionador instruído para tal efecto serán as seguintes:

- a) No caso de faltas leves: multa ata 300 €.
- b) No caso de faltas graves: multa de 301 a 900 €.
- c) No caso de faltas moi graves: multa de 901 a 1800 €.

A imposición de sancións requirirá a tramitación do oportuno expediente sancionador. No dito procedemento darase audiencia ó contratista, practicándose a información e proba necesaria para a xustificación dos feitos e observaranse as garantías xurídico-administrativas prescritas pola Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no que resulte aplicable.

A resolución do expediente será competencia do órgano de contratación.

## VIXÉSIMO SEGUNDA. EXTINCIÓN DO CONTRATO.

Ademais de polo seu cumprimento, o contrato poderá extinguirse polas causas previstas no artigo 223 e 308, así como polo incumprimento por parte do adxudicatario das obrigas sinaladas nas condicións de execución do cotrnato establecido no prego de prescricións técnicas.

A Administración estará facultada para proceder á resolución do contrato polas causas sinaladas no parágrafo anterior e cos efectos previstos nos artigos 224 e 225 do TRLCSP.

Os efectos do artigo 223.f) do TRLCSP consideranse **obrigas contractuais esenciais** cuio incumprimento dará lugar á resolución do contrato as sinaladas na cláusula décimo oitava destes pregos.

**CONTRATAACION, PATRIMONIO E FOMENTO**

MLA/atm

Refº: proposta servizo actividades ANIMACION SOCIOCULTURAL 2012

Asunto:

Asimesmo tamén dará lugar á resolución do contrato a comisión dalguna das faltas graves ou moi graves que se sinalan na cláusula vixésimo primeira deste prego.

Para os efectos de resolución do contrato incoarase un procedemento contradictorio no que se lle outorgue audiencia ó contratista para os efectos de formulación de alegacións e presentación de cantos documentos estime conveniente en defensa dos seus dereitos.

**VIXÉSIMO TERCEIRA.- RÉXIME DE RECURSOS**

Contra os actos a que se refire o artigo 40 do TRLCSP poderáse interpoñer **recurso administrativo especial en materia de contratación** ante a Xunta de Goberno Local, sen que proceda a interposición de recurso potestativo de reposición, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado contencioso adminsitrativo de Lugo.

A interposicion deste recurso especial en materia de contratación suxeitarase ó disposto no artigo 44 do TRLCSP e presentarse no prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte a aquel en que se remita a notificacion do acto impugnado sen prexuízo do disposto no no parágrafo segundo do artigo 44.2.

**A N E X O****DATOS:**

<b>EMPRESA:</b>			
<b>ENDEREZO:</b>			
<b>LOCALIDADE:</b>		<b>PROVINCIA:</b>	
<b>PERSOA DE CONTACTO:</b>			
<b>TELÉFONO:</b>		<b>FAX.:</b>	

**MODALIDADE DE ACTIVIDADE PREVENTIVA**

1º <input type="checkbox"/> <b>CONCERTO CON SERVICIO DE PREVENCIÓN ALLEO OU MUTUA</b>
<b>NOME:</b>

**CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO**

MLA/atm

Refº: proposta servizo actividades ANIMACION SOCIOCULTURAL 2012

Asunto:

<b>ENDEREZO:</b>			
<b>LOCALIDADE:</b>		<b>PROVINCIA:</b>	
<b>PERSOA DE CONTACTO:</b>			
<b>TELÉFONO:</b>		<b>FAX:</b>	
<b>ESPECIALIDADES CONTRATADAS:</b>			
<b>PERÍODO DE VIXENCIA DO CONCERTO:</b>			

**\* XUNTAR O CERTIFICADO DE QUE REALIZOUSE A AVALIACIÓN E O PLAN DE ACCIÓN ASÍ COMO A INFORMACIÓN E FORMACIÓN DOS TRABALLADORES.**

2º  **COMO MEMBRO DO SERVICIO MANCOMUNADO**

**\* Xuntar a acta de Constitución.**

3º  **TRABALLADOR DESIGNADO**

**Nome e Apelidos:**

**Cargo:**

**NOME EMPRESARIO:**

**SELO DA EMPRESA**

**D.N.I.:**

**FIRMA:**

**DATA:**

**ANEXO II**

**DECLARACIÓN RESPONSABLE DE VIXENCIA DOS DATOS ANOTADOS NO REGISTRO DE LICITADORES DE PRESENTACIÓN OBRIGATORIA XUNTO COA CERTIFICACIÓN DE INSCRIPCIÓN REXISTRAL**

**CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO**

MLA/atm

Refº: proposta servizo actividades ANIMACION SOCIOCULTURAL 2012

Asunto:

D./D.<sup>a</sup> .....co D.N.I. n.º: ....., en nome propio ou en representación da empresa....., inscrita no Rexistro de Licitadores co n.º ....., en calidade de ....., co obxecto de participar na contratación da **PRESTACIÓN INTEGRAL DAS ACTIVIDADES DE ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL NOS CENTROS DE CONVIVENCIA MUNICIPAIS E OUTROS – 2012 declaro baixo a miña responsabilidade:**

1º.- Que os datos desta empresa que constan no Rexistro de Licitadores ..... ( indicar cal é o rexistro) non foron alterados en ningunha das súas circunstancias e que se corresponden coa certificación do Rexistro que se achega a esta declaración.

Que os datos desta empresa que constan no Rexistro de Licitadores referentes a:

1. ....
2. ....
3. ....

sufriron alteración segundo se acredita mediante os documentos que se achegan a esta declaración e que estas circunstancias foron comunicadas ó Rexistro con data ....., mantendose o resto dos datos sen alteración algunha respecto do contido da certificación do Rexistro

2º.- Que a empresa que represento atópase ó corrente coas obrigas tributarias co Excmo. Concello de Lugo.

En ....., a ..... de ..... de 2012

Asdo:

**PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN INTEGRAL DAS ACTIVIDADES DE ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL DOS CENTROS DE CONVIVENCIA MUNICIPAIS E OUTRAS PARA O ANO 2012**

1.- INTRODUCCIÓN.-

## CONTRATAACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Ref<sup>o</sup>: proposta servizo actividades ANIMACION SOCIOCULTURAL 2012

Asunto:

As actividades de animación sociocultural que se desenvolven ó longo do todo o ano nos centros de convivencia municipais pertencentes ó Concello de Lugo, nos locais das asociacións, nas escolas rurais, etc., encádranse dentro da normativa reguladora dos servizos sociais.

Atopámonos así dentro dun dos programas básicos de actuación dos servizos sociais do noso Concello, que persegue como fin último o de eleva-lo nivel de calidade de vida e, polo tanto, o benestar social dos/das nosos/as veciños/as, orientado cara ó seu desenvolvemento e ó da comunidade, dando así resposta ó obxectivo xeral do sistema público de servizos sociais no que nos enmarcamos.

Dentro dos OBXECTIVOS que perseguimos co desenvolvemento destas actividades, destacámo-los seguintes:

- Reforzar e impulsa-lo papel dos centros de convivencia, dos locais sociais e dos espazos públicos rurais (entre outros) como espazos de encontro, de relación e de convivencia.
- Fomentar, promover e impulsa-las relacións interpersoais, intergrupais e da comunidade en xeral, a través da organización de actividades, obradoiros, etc., nas que os propios participantes sexan o motor da actividade e os seus auténticos protagonistas.
- Ofrecer un abano de alternativas para o tempo de lecer o máis amplo posible, diversificando así o tempo de ocio.
- Permitti-la aprendizaxe de técnicas, coñecementos, habilidades etc. a través das diferentes actividades.
- Ofertar actividades nas que poidan participar tódolos membros da familia co xeito de favorece-las condicións que faciliten a integración familiar na vida da comunidade.
- Espertar inquiredanzas culturais, formativas, de lecer, etc., entre os participantes nas actividades, que conduzan a unha mellora do seu benestar físico, psíquico e social.
- Fomenta-las relacións interpersoais na comunidade rural das nosas parroquias, as cales non son alleas ó fenómeno xeral de despoboamento da zona rural que dificulta o contacto social entre os veciños, proporcionándolles espazos de encontro e actividades que favorezan as relacións sociais.
- Contribuír ó fomento, recuperación e promoción das celebracións de maior arraigamento cultural e social na nosa comunidade, como son o Entroido, os

## CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Refº: proposta servizo actividades ANIMACION SOCIOCULTURAL 2012

Asunto:

magostos, os maíos, recuperación dos teares tradicionais, etc., mediante a organización de celebracións abertas á participación de toda a comunidade.

### **CLÁUSULA PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONTRATO.**

É obxecto deste contrato contrata-la prestación das actividades incluídas dentro da programación da animación sociocultural dos centros de convivencia municipais, o cal conleva:

- ❖ desenvolvemento das actividades de ocio e tempo libre para toda a poboación en xeral e actividades específicas de prevención para grupos específicos de poboación.
- ❖ a realización de actividades de apoio e auxilio complementarias, a atención e dinamización sociocultural fóra do horario habitual
- ❖ a subministración de material de natureza funxible que, sendo requirido polo animador sociocultural, se considere preciso para o desenvolvemento das ditas actividades.
- ❖ Saídas exteriores, excursións.

### **CLÁUSULA SEGUNDA.- DESCRIPCIÓN DAS ACTIVIDADES**

#### **1.- DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES DE OCIO E TEMPO LIBRE**

Dentro deste epígrafe cabe diferenciar CATRO bloques :

Bloque 1 Actividades que teñan a consideración de **obradoiros**, conceptuándose como tal aquela actividade estruturada, con presenza de monitor de xeito continuado e con data de inicio e de finalización prefixada, duración determinada, necesidade de inscrición previa e con límite de prazas.

As actividades encadradas dentro do bloque de obradoiros deberán, cando menos, estar incluídas nalguna das áreas que de xeito orientativo se citan a continuación:

a.- Área de formación e actividades culturais:

## CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Refº: proposta servizo actividades ANIMACION SOCIOCULTURAL 2012

Asunto:

Talleres de castelán para estranxeiros, galego, inglés, etc., talleres de alfabetización, orientación e apoio escolar, formación do voluntariado, cursos de animación á lectura, linguaxe de signos, talleres de desenvolvemento persoal, autoestima, talleres de expresión oral e escrita, habilidades sociais e relacionais, contacontos, traballos manuais para nenas e nenos, talleres de iniciación etc.

b.- Área de saúde:

Obradoiros e charlas sobre a saúde, hábitos saudables, estimulación cognitiva, memoria, etc.

c.- Área de actividades físicas:

Danza, bailes de salón, bailes do mundo, defensa persoal, Wu Su, etc.

Actividades ó aire libre, tales como orientación, sendismo, montañismo, xogos populares, multiaventura, pesca, etc.

d.- Área de actividades creativas: obradoiros de expresión corporal, técnicas de expresión, dramatización, teatro, etc.

Dentro deste bloque tamén se incluírá o desenvolvemento de accións conmemorativas a desenvolver ó longo do ano con especial interese en eventos organizados dende o Concello de Lugo.

Bloque 2 Aquelas actividades que, sen reunir algunha das características anteriores, requiran para o seu desenvolvemento da **presenzadun/ha monitor/a de xeito puntual**, en concreto as actividades encadradas dentro da área de debuxo e pintura, cerámica e modelaxe, madeira, cestería, tecidos etc, .

Indicar que esta disitribución ten efecto orientativo e non pretende ser excluínte, así as actividades a incluír en cada área e a súa pertencencia será consideradas polos técnicos municipais a través de proposta .

Bloque 3.- **Actividades de mediación socializadoras**, que serán desenvoltas por monitores de rúa en puntos e barrios da cidade axustándose ás necesidades que precise e concrete o Concello de Lugo.

Como obxectivos xerais do programa cabe salientar:



## CONTRATAACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Refº: proposta servizo actividades ANIMACION SOCIOCULTURAL 2012

Asunto:

- Promover, apoiar e traballar conxuntamente no desenvolvemento comunitario nas zonas de acción a determinar dende o Concello de Lugo.
- Converter o ocio e o tempo libre nun instrumento para o enriquecemento e o desenvolvemento persoal saudable.
- Recuperar a rúa como espazo socializador.

Bloque 4.- Actividades lúdicas e dirixidas **o tempo de ocio para nenos/as** comprendidos entre os catro e os doce anos.

Espazo dedicado ás nenas e nenos no que poden participar en actividades diversas: traballos manuais, saídas ó exterior, xogos etc

A forma de prestación do servizo no referente ás actividades encadradas nos anteditos bloques detállase na cláusula terceira.

### 2. - ACTIVIDADES DE APOIO E AUXILIO COMPLEMENTARIAS:

A empresa adxudicataria realizará tarefas e actividades de apoio e auxilio complementarias ó desenvolvemento das actividades.

Para tal efecto, nomeará persoal de apoio técnico con categoría de auxiliar administrativo para a realización de funcións tales como recollida de datos de inscrición nas actividades, elaboración de listas de inscritos e de admitidos, apoio na confeccion de memorias de actividades, etc.

O número de horas anuais para estas actividades varían en cada centro en función do número de obradoiros ofertados e as demandas dos veciños/as. **O número total ascende a 345 horas.**

### 3.- SERVICIO DE ATENCIÓN E DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL

A empresa adxudicataria prestará durante as fines de semana e outros festivos un servizo de **atención e dinamización sociocultural** nos Centros Convivencia coa finalidade de amplia-la oferta de ocio ós cidadáns durante as fines de semana e festivos. Para a realización destas tarefas non será necesario a presenza de monitores xa que non se trata de actividades incluídas na

## CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Ref#: proposta servizo actividades ANIMACION SOCIOCULTURAL 2012

Asunto:

programación de animación sociocultural bastando un perfil profesional suficiente para atender as demandas habituais dos usuarios dos Centros Convivencia en fines de semana ( lectura, baile, xogos de mesa...)

A empresa adxudicataria estará obrigada a realiza-las funcións necesarias para que as actividades contratadas poidan realizarse durante a fin de semana e outros festivos, así como de luns a venres previo requerimento dos responsables municipais, e en función das necesidades do servizo con comunicación á empresa coa debida antelación, e deberán realizar as operacións materiais necesarias para que os Centros Convivencia onde vanse a desenvolver se atopen en condicións de ser utilizadas polos usuarios.

**O número máximo de horas contratadas para este servizo estímase en 7.602 horas anuais.**

#### 4.- EXCURSIONS :

A empresa adxudicataria realizará excursións segundo a programación establecida polos técnicos municipais, sendo a estimación de :  
Número de excursións : 10 excursións ó ano, inclúe zona rural, a duración de cada excursión estímase en 7 horas, ditos desprazamentos realizaranse dentro da nosa Comunidade Autónoma , e para o cálculo do custo tense conta : o custo dun monitor acompañante, e tódolos gastos necesarios para a súa realización ( gastos de xestión, transporte en autobús e seguros).

#### 5.- SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL DE NATUREZA FUNXIBLE

- A empresa adxudicataria subministrará o material que se relaciona no Anexo II (ou outro de semellantes características) no momento que sexa requirido polos animadores socioculturais para a desenvolvemento das actividades. Terminados os talleres o material subministrado quedará nos centros de convivencia para o seu utilización para outras actividades do centro.

A empresa adxudicataria facilitará así mesmo os medios materiais non funxibles precisos para o desenvolvemento daquelas actividades que así o requiran (tales como ordenadores, teares, pirógrafos, etc.) e que se retirarán pola empresa no momento da finalización do taller que corresponda.

**O gasto asumido pola empresa (10.000 euros anuais)** para o cumprimento da obriga de subministracion de material non terá compensacion económica xa que

## CONTRATAACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Ref<sup>o</sup>: proposta servizo actividades ANIMACION SOCIOCULTURAL 2012

Asunto:

para a determinacion do prezo/hora do monitor tivose en conta o dito desembolso económico.

### CLÁUSULA TERCEIRA.- FORMA DE PRESTACIÓN DO SERVICIO NO REFERENTE Ó DESENVOLVIMENTO DAS ACTIVIDADES DE OCIO E TEMPO LIBRE

#### **BLOQUE1. Actividades que teñen a consideración de obradoiros;**

A empresa adxudicataria porá a disposición do concello os monitores precisos para o desenvolvemento das actividades programadas polos técnicos municipais da animación sociocultural.

O número de monitores, a súa especialización, cualificación, o número de horas, as actividades que se van realizar, así como o seu desenvolvemento, serán determinados polos técnicos de animación sociocultural dos Servizos Convivencia municipais, sen exceder do tope máximo de horas establecido.

O persoal deberá estar en posesión de titulación de formación profesional de grado superior en animación sociocultural o integración social, ou ben titulación universitaria de grado medio

No caso de que durante o desenvolvemento dunha actividade o monitor, a xuízo do animador sociocultural responsable, non se adapte ou non se considere idóneo para o grupo ó que vai dirixido a actividade, poderá solicitarse da empresa adxudicataria o cambio de monitor que responda mellor ás necesidades do grupo.

A programación de actividades correrá a cargo dos animadores socioculturais de cada centro, así como a supervisión da súa execución, control e avaliación destas. Os animadores socioculturais de cada centro farán chegar á empresa adxudicataria, cunha antelación mínima de un mes á data de apertura do prazo de inscrición, a programación das actividades de cada período ós efectos da elaboración do plan de traballo.

Indicar que no referente ó primeiro semestre do ano 2012, e tendo en conta que a programación xa está realizada, a empresa adxudicataria deberá

## CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Refº: proposta servizo actividades ANIMACION SOCIOCULTURAL 2012

Asunto:

continuar coa realización das actividades tal e como se programaron por parte dos técnicos municipais.

O adxudicatario deberá elaborar un plan de traballo de cada actividade conforme a programación feita polo animador sociocultural. No dito plan constarán, como mínimo, as seguintes cuestións: metodoloxía que se vai empregar, cualificación dos monitores, contidos e materiais necesarios para o desenvolvemento da actividade. O plan de traballo deberá entregarse a cada animador sociocultural cunha antelación mínima de cinco días á data de apertura do prazo de inscrición e, no caso de que este non exista, cunha antelación mínima de cinco días á data de inicio das actividades. En dito plan de traballo deberá incluírse medios de difusión das actividades realizadas así a exposición dos talleres realizados.

Antes do inicio das actividades os monitores facilitados pola empresa adxudicataria deberán reunirse co animador sociocultural de cada centro, se este o estima oportuno, ós efectos de coordinar actuacións e intercambio recíproco de información para o mellor desenvolvemento das actividades.

O adxudicatario a través do coordinador informará, nunha reunión co animador que se celebrará mensualmente en cada centro, das incidencias que se produzan no desenvolvemento das actividades.

Así mesmo, o adxudicatario levará un control diario de asistencia, conforme o modelo que lle sexa subministrado polo técnicos municipais da animación sociocultural.

Dentro deste bloque cabe incluír actividades relacionadas cun calendario de accións conmemorativas a desenvolver ó longo do ano con especial interese en eventos organizados dende o concello de LUGO ( Campañas de Nadal, Conmeracións e outros eventos organizados dende o Concello de Lugo)

O número de horas previstas para estas actividades varían en cada centro en función do das demandas dos veciños/as, sendo o número máximo de horas as que se establecen no ANEXO I.

Bloque 2.- Aquelas actividades que, sen reunir algunha das características anteriores, requiran para o seu desenvolvemento da **presenza dun/ha monitor/a**

## CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Ref<sup>o</sup>: proposta servizo actividades ANIMACION SOCIOCULTURAL 2012

Asunto:

**de xeito puntual** a empresa propoñerá os monitores necesarios para supervisar os talleres realizados dende os centros de convivencia, o número de horas anuais previstas para estas actividades varían en cada centro en función das demandas dos veciños/as, sendo o número máximo de horas as que se establecen no ANEXO I

O persoal deberá estar en posesión de titulación de formación profesional de grado superior en animación sociocultural o integración social, ou ben titulación universitaria de grado medio.

No caso de que durante o desenvolvemento dunha actividade o monitor, a suízo do animador sociocultural responsable, non se adapte ou non se considere idóneo para o grupo ó que vai dirixido a actividade, poderá solicitarse da empresa adxudicataria o cambio de monitor que responda mellor ás necesidades do grupo.

Bloque 3.- Actividades de mediación sociolizadoras, que serán desenvoltas por monitores en puntos e barrios da cidade axustándose ás necesidades que precise e concrete o Concello de Lugo, e segundo o número de horas establecido no ANEXO I.

Perfil do profesional: Tal e coma o seu nome indica, o/a monitor/a de rúa é un profesional que percorre barrios, bares, campos de xogos (...) en busca de rapaces e rapazas os que ofrecer amizade, axuda, apoio, vivencias, etc., mantendo unha actitude crítica coa sociedade. En resumo, tratase de camiñar cara á recuperación das rúas como lugar de encontro, relación, socialización, promoción persoal e social.

Respecto ao perfil que debe reunir un/unha monitor/a de rúa indicar que deberá ter unha formación mínima de monitor de tempo libre e titulación de formación profesional de grado superior en animación sociocultural ou integración social .

Accións a realizar:

- Actuará como elemento catalizador entre o barrio e a sociedade.

## CONTRATAACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Ref<sup>n</sup>: proposta servizo actividades ANIMACION SOCIOCULTURAL 2012

Asunto:

- Introducirase na problemática de cada persoa asumindo a súa cultura.
- Será elemento creador en tódolos aspectos: xogos, diálogos e actividades...
- Acollerá as demandas das persoas e as interpretará.
- Porase en contacto coas diferentes institucións do barrio co fin de dar a coñecer obxectivamente a problemática das persoas atopando pautas e saídas válidas.
- Será elemento activo na vida do barrio, participando na reivindicacións deste e asumindo a idea de que “só cambiando o barrio cambiarán as persoas que viven nel”.
- Realizará unha educación divertida, sacando recursos pedagóxicos de calquera lugar, sobre todo da vida diaria. A vida das persoas é fonte por sí mesma de experiencias e aprendizaxes.
- Será imaxinativo e crítico, respondendo con patróns de conducta non habituais, pero con seguridade, agarimo, firmeza e flexibilidade.

O/a monitor/a encargada de prestar o devandito servizo realizará unha exhaustiva valoración de necesidades de cara a desenvolver as actuacións de maneira efectiva, para unha maior viabilidade do proxecto. O obxectivo a conseguir con dita avaliación é a toma de contacto coa realidade do entorno, servindo de punto de referencia no barrio, así como axustar o plan de traballo as demandas detectadas.

Para cumprir con dita finalidade, servirse de instrumentos tales como: entrevistas individuais e en gran grupo, cuestionarios abertos e pechados, observación sistemática e participante, así coma outros que se consideren necesarios tras o desenvolvemento desta fase.

## **CONTRATAACION, PATRIMONIO E FOMENTO**

MLA/atm

Refº: proposta servizo actividades ANIMACION SOCIOCULTURAL 2012

Asunto:

Bloque 4.- Actividades lúdicas e dirixidas o tempo de ocio para nenos/as comprendidos entre os catro e os doce anos.

Incluirá aulas abertas para nenos e nenas incritos ou derivados, xogos ó aire libre etc.

O perfil dos monitores terán unha formación mínima de monitor/a de tempo libre con titulación de formación profesional de grado superior en animación sociocultural ou integración social.

O ratio dos monitores axustarase ós requerimentos dos responsables municipais e segundo as xornadas establecidas no ANEXO I.

As programacións de actividades nos centros convivencia correrán a cargo do animador sociocultural do centro, así como a supervisión da súa execución, control e avaliación.

### **CLÁUSULA CUARTA.- HORARIO DAS ACTIVIDADES.**

As actividades incluídas na programación da animación sociocultural que se desenvolvan nos centros convivencia municipais realizaranse habitualmente dentro do horario de apertura dos centros de luns a venres, tanto en horario de mañá como de tarde, e os sábados pola mañá.

As actividades para os nenos fanse en horario de tarde e os sábados pola mañá, para evitar coincidencias co horario escolar, exceptuándose o período de vacacións (Nadal e verán), que se farán pola mañá.

O servizo de atención e dinamización sociocultural desenvolverase con carácter xeral nas fines de semana e outros festivos no horario de apertura dos centros, así como de luns a venres previo requerimento dos responsables municipais, e en función das necesidades do servizo con comunicación á empresa coa debida antelación.

### **CLÁUSULA QUINTA.- DESTINATARIOS/AS DAS ACTIVIDADES.**

Con carácter xeral, as actividades de animación sociocultural están abertas á participación de toda a poboación empadroada no Concello de Lugo.

Non obstante, e como é de esperar, na programación das actividades tamén se ten en conta a idade dos posibles participantes, de xeito que existen

## **CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO**

MLA/atm

Refº: proposta servizo actividades ANIMACION SOCIOCULTURAL 2012

Asunto:

actividades específicas en función das necesidades e características de cada grupo de idade. Así, organízanse actividades para os máis novos e para os maiores, ademais daquelas actividades de participación interxeracional.

Estando como está a nosa programación de actividades de animación sociocultural encadrada dentro das prestacións básicas dos servizos sociais, é obvio que á hora de organiza-las actividades non perdemos de vista o noso obxectivo xeral e primordial de contribuír á integración social dos máis desfavorecidos, e así son colectivos básicos de intervención: os inmigrantes, as mulleres, aqueles que se encontran en situación de desvantaxe social, os maiores, os minusválidos, as minorías étnicas, etc.

A empresa procurará que en cada local ou centro de convivencia os servizos sinalados no parágrafo anterior se preste polo mesmo traballador ou monitor procedendo en caso de que isto non fora posible e previa comunicación ós técnicos responsables, á substitución do persoal por outra persoa idónea.

### **CLÁUSULA SEXTA.- RESPONSABILIDADE DO CONTRATISTA.**

O contratista será responsable da calidade técnica dos traballos que desenvolva e das prestacións e servizos realizados, así como das consecuencias que se deduzan para a Administración ou para terceiros das omisións, erros, métodos desaxeitados e conclusións incorrectas na execución do contrato.

### **CLÁUSULA SÉTIMA.-NOMEAMENTO DE COORDINADOR E PERSOAL DO CONTRATISTA.**

7.1. Para a execución do contrato, a empresa adxudicataria disporá en todo momento do persoal necesario e axeitado para a execución dos servizos ó seu cargo en virtude da presente adxudicación, nos termos contractuais e legalmente establecidos e coa máxima calidade esixible. Particularmente, garantizará:

A cobertura, en todo momento, dos postos de traballo e as súas correspondentes funcións, ofertadas para a contratación. En consecuencia, o adxudicatario efectuará ó seu cargo e inmediatamente as substitucións necesarias do persoal que teña asignado ó servizo, por calquera causa que se produzan, de forma que a execución do contrato quede sempre asegurada. Por outra banda, no



## CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Ref<sup>o</sup>: proposta servizo actividades ANIMACION SOCIOCULTURAL 2012

Asunto:

caso de que o persoal ofertado se mostrara insuficiente para o cumprimento das prestacións obxecto do contrato, o adxudicatario deberá aumentalo en número suficiente para dá-la atención debida ó servizo, sendo ó seu cargo o incremento de custos que se produzan por tal causa.

A categoría, formación, experiencia e cualificación profesional dos monitores para a execución do contrato.

7.2. Para a correcta coordinación do servizo, a entidade adxudicataria asignará, como mínimo, **un coordinador ou encargado/a** con residencia en Lugo capital, con titulación académica e experiencia axeitada na área de animación sociocultural, que será o/a responsable do contrato e o seu desenvolvemento, así como de todo o persoal da empresa asignado ó contrato, correspondéndolle ademais as seguintes funcións:

a) Dirixi-las funcións de coordinación entre a empresa e os monitores para conseguir un mellor desenvolvemento do servizo.

b) Coordinarse cos técnicos municipais responsables da marcha do servizo para lograr un axeitado desenvolvemento das actividades.

Para tal efecto, deberá acudir ás reunións ás que sexa convocado polos técnicos responsables relacionadas coa programación da animación sociocultural e que en principio terán unha periodicidade mensual. Nestas reunións de coordinación o coordinador informará das incidencias na prestación do servizo así como relación de material subministrado e contía.

c) Facilita-los procesos de avaliación dos programas que corresponda realizar ós técnicos municipais.

Para tal efecto, deberá proporciona-la información e documentación necesaria relacionada coa execución da programación sociocultural que lle poida ser requirida polos técnicos municipais da animación sociocultural.

Así mesmo e tendo en conta que as actividades da animación sociocultural se realizan moitas veces fóra do horario habitual de oficina é necesario que o coordinador, como responsable do correcto desenvolvemento das actividades encargadas á empresa adxudicataria, acuda de modo itinerante polos centros e locais sociais a comproba-la correcta realización das mesmas servindo así de enlace entre os monitores da empresa adxudicataria e os usuarios

## **CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO**

MLA/atm

Ref<sup>o</sup>: proposta servizo actividades ANIMACION SOCIOCULTURAL 2012

Asunto:

das actividades e os/as técnicos/as responsables dos centros e que terán como función informarlles das dificultades, suxestións e problemas que poidan xurdir no desenvolvemento das mesmas.

O coordinador estará permanentemente localizable, calquera día da semana, co fin de resolver cantas incidencias poidan producirse durante o desenvolvemento do servizo.

7.3. O persoal preciso para a execución do contrato dependerá exclusivamente da entidade adxudicataria, a cal terá tódolos dereitos e deberes inherentes á súa calidade de empregador respecto deste, sendo a Administración contratante de todo allea ás referidas relacións. Por conseguinte, en ningún caso poderá alegarse dereito ningún polo referido persoal en relación coa Administración contratante nin esixirse a estas responsabilidades de calquera clase, como consecuencia das obrigas existentes entre o adxudicatario e os seus empregados, aínda no suposto de que os despedimentos ou medidas que a entidade adopte se baseen no incumprimento, interpretación ou resolución do contrato.

7.4. O adxudicatario comprométese a retribuír axeitadamente o persoal destinado ó servizo, asumindo de forma directa e non trasladable á Administración contratante o custo de calquera mellora nas condicións de traballo e/ou nas súas retribucións, xa sexa como consecuencia de convenios colectivos, pactos ou acordos de calquera índole, de xeito que, en ningún caso, poderá repercutí-las referidas modificacións sobre o importe a facturar polo servizo.

7.5. O adxudicatario comprométese a facilita-la asistencia do persoal adscrito ó servizo ós cursos de formación en igualdade de xénero que sexan impartidos dende a área de benestar social.

7.6. O adxudicatario queda obrigado, respecto ó persoal destinado ó servizo, ó cumprimento da normativa laboral, da seguridade Social e de prevención de riscos laborais que se atope vixente en cada momento.

7.7. No caso de accidente ou prexuízo de calquera índole, ocorrido ós traballadores con ocasión do exercicio dos seus cometidos, o adxudicatario cumprirá o disposto nas normas vixentes, baixo a súa responsabilidade, sen que estas alcancen en modo ningún á Administración contratante.

## **CLÁUSULA OITAVA .- FORMA DE PAGAMENTO.**

## CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Refº: proposta servizo actividades ANIMACION SOCIOCULTURAL 2012

Asunto:

O pago do servizo efectuarase, logo de que o contratista presente as correspondentes facturas, con carácter mensual e nelas deberá facerse constar:

- indicación do centro de convivencia ó que corresponde
- relación de actividades realizadas e número de horas correspondentes a cada actividade
- relación de material subministrado, coa indicación da actividade á que corresponde e do centro social no que foi subministrado.
- relación de número de horas realizadas en concepto de tarefas de apoio e auxilio complementarias ó desenvolvemento das actividades.
- relación do número de horas realizadas en cada centro de convivencia en concepto do servizo de atención e dinamización sociocultural durante as fines de semana e festivos.

As ditas facturas deberán ser conformadas polo técnico municipal responsable da animación sociocultural de cada centro de convivencia ou, se é o caso, o técnico municipal competente do servizo.

No referente as actividades encadradas dentro dos seguintes bloques: Bloque 3 ( mediación sociolizadoras), Bloque 4 ( actividades lúdicas dirixidas o tempo de ocio para nenos/as) e Excursións ) a **facturación a presentar pola empresa realizarase por actividade ou programa realizado** presentando as correspondentes facturas con carácter mensual, **diferenciando cada un dos centros** de convivencia , e fará constar certificación mensual individualizada do traballo realizado polos profesionais, detallándose número de horas.

### **CLÁUSULA NOVENA.- FACULTADE DE DIRECCIÓN E INSPECCIÓN.**

Correspóndelles ós técnicos municipais responsables da animación sociocultural a facultade de inspección e vixilancia do correcto cumprimento do contrato.

Estes técnicos poderán dirixirse verbalmente á empresa adxudicataria para axeita-lo cumprimento do contrato ou para a realización de traballos que, a xuízo dos técnicos responsables, sexa necesario executar en momento determinado.

## CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Refº: proposta servizo actividades ANIMACION SOCIOCULTURAL 2012

Asunto:

### **CLÁUSULA DÉCIMA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN.**

O Concello poderá esixir responsabilidade ó contratista pola infracción dos seus deberes, con independencia do procedente respecto á extinción do contrato.

As infracción cometidas polo contratista clasifícanse en leves, graves e moi graves.

c) Faltas leves.

Terán a consideración de faltas leves:

- As que impliquen irregularidades na observancia das obrigas e deberes contidos neste prego, sen transcendencia directa apreciable na prestación do servizo.
- As que impliquen negligencia na prestación do servizo e non supoñan unha alteración grave do seu funcionamento.
- A desobediencia leve nas ordes que emanan dos técnicos municipais responsables da animación sociocultural e que se ditén para a eficaz e normal prestación do servizo.

d) Faltas graves.

Terán a consideración de faltas graves as seguintes:

- A desobediencia ás ordes que emanen dos técnicos municipais responsables da animación sociocultural e que se ditén para a eficaz e normal prestación do servizo.
- As accións e omisións que alteren a regularidade na prestación do servizo.
- O trato irrespectuoso ós participantes nas actividades, persoal municipal ou axentes da autoridade, así como calquera acción do persoal que supoña un desprestixio do servizo.
- Non acudir ás reunións de seguimento do contrato cando sexa convocado.
- Non garda-lo debido segredo profesional respecto dos asuntos que se coñezan en razón dos servizo prestado e que prexudique ó usuario ou ás familias empregándoo en beneficio propio.
- Non proporciona-la información e documentación necesaria relacionada coa execución da programación sociocultural que lle poida ser requirida polos técnicos municipais da animación sociocultural.

c) Faltas moi graves.

**CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO**

MLA/atm

Refº: proposta servizo actividades ANIMACION SOCIOCULTURAL 2012

Asunto:

- A utilización das instalacións, elementos ou material adscritos ao contrato para fins distintos dos previstos no contrato.
- Incumpri-las normas laborais ou convenio colectivo do persoal a empregar.
- Ceder, arrendar ou subcontrata-lo servizo sen a debida autorización municipal.

As sancións que se poderán impoñer ó contratista como resultado do expediente sancionador instruído para tal efecto serán as seguintes:

- d) No caso de faltas leves: multa ata 300 €.
- e) No caso de faltas graves: multa de 301 a 900 €.
- f) No caso de faltas moi graves: multa de 901 a 1803 €.

A imposición de sancións requirirá a tramitación do oportuno expediente sancionador. No dito procedemento darase audiencia ó contratista, practicándose a información e proba necesaria para a xustificación dos feitos e observaranse as garantías xurídico-administrativas prescritas pola Lei 30/1992, de réxime xurídico das admisións públicas e do procedemento administrativo común, no que resulte aplicable. A resolución do expediente será competencia do órgano de contratación.

**ANEXO I**  
**NUMERO MÁXIMO DE HORAS REFERENTES Ó**  
**DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES DE OCIO E TEMPO**  
**LIBRE**

**BLOQUE 1 OBRADOIROS ( presenza monitor de xeito continuado)**

**Centros de convivencia.....4.750 HORAS**

**+**

**Zona rural.....1.000 HORAS**

**Total máximo horas.....5.750 horas**

**CONTRATAACION, PATRIMONIO E FOMENTO**

MLA/atm

Ref#: proposta servizo actividades ANIMACION SOCIOCULTURAL 2012

Asunto:

**BLOQUE 2 ( a presenza do monitor será para levar a cabo titorías)**

**Período de prestación do servizo: de outubro a finais de maio**

Será necesaria a presenza dun monitor 1 vez cada 15 días en cada centro de convivencia , 7 centros

**Número máximo de horas**

**126 horas**

**BLOQUE 3 ( actividades de mediación sociolizadoras)**

**Período de prestación do servizo: todo o ano**

En xornadas de luns a venres, dous días a semana , 5 horas a semana

Número de monitores de rúa: DOUS/DÚAS

**Número máximo de horas.....520 horas**

**BLOQUE 4 ACTIVIDADES LÚDICAS DIRIXIDAS Ó TEMPO DE OCIO PARA NENOS/AS**

**Período de prestación do servizo: nadal e verán**

**Verán**

HORARIO: DAS 09:00 ÁS 14.00 HORAS

XORNADAS: DE LUNS A VENRES, EXCLUÍDOS FESTIVOS

MESES DE XULLO E AGOSTO

A previsión de monitores establececese tendo en conta que cada centro, en concreto, Fingoi, Lamas de Prado, Balteira, Milagrosa, Sagrado Corazón e Uxío Novoneyra contán con un único grupo de 20 a 25 nenos por centro, aproximadamente, dirixido a nenos/as de 4 a 12 anos .

Número de horas verán.....1.200 horas

**Nadal**

HORARIO:DAS 09.00 ÁS 14.00 HORAS

NÚMERO MÁXIMO DE DÍAS= 8 DÍAS NON FESTIVOS

MESES: FINAIS DECEMBRO, PRIMEIROS XANEIRO

A previsión de monitores establececese tendo en conta que cada centro, en concreto, Fingoi, Lamas de Prado, Balteira, Milagrosa, Sagrado Corazón e Uxío Novoneyra contán con un único grupo de 20 a 25 nenos por centro, aproximadamente, dirixido a nenos/as de 4 a 12 anos .

Número de horas nadal.....480 horas

**Número máximo horas actividades lúdicas nenos/as**

**1.680 horas**

**CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO**

MLA/atm

Refº: proposta servizo actividades ANIMACION SOCIOCULTURAL 2012

Asunto:

**ANEXO II**

**RELACIÓN ORIENTATIVA DE MATERIAL QUE VAI SUBMINISTRA-LA EMPRESA ADXUDICATARIA E ORZAMENTO MÁXIMO POR SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL EN CADA CENTRO SOCIAL MUNICIPAL**

**1.- RELACIÓN DE MATERIAL**

1. Para actividades plásticas:

- Pinturas (para óleo, acuarelas, ceras de dedos, acrílicas, esmaltes...)
- Lenzos
- Taboleiros para acrílicos
- Cartolinas
- Papel (charón, "pinocho", de estraza...)
- Lapis
- Pinceis
- Paletas
- Disolventes
- Pegamentos e colas
- Cinta adhesiva.
- "Plantillas" (modelos, patróns)

2. Para xogos:

- Cordas de varios tipos
- Pelotas de varios tamaños
- Aros
- Cintas
- Xogos de construción: crebacabezas ("puzzles") e outros

3. Para fotografía:

- Carretes
- Liquido revelador
- Papel fotográfico
- Cubetas

4. Para tecidos (tear, "macramé", cestería, etc.):

- Fíos de varios tipos
- Las
- Febras sintéticas
- Medula de roten ou vimbio
- Tesoiras
- Alicates

**CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO**

MLA/atm

Ref#: proposta servizo actividades ANIMACION SOCIOCULTURAL 2012

Asunto:

- Punzóns
- Bases de contrachapado para cestería
- Cordóns
- Tinturas
- 5. Para modelaxe:
  - Barro
  - Pasta de modelar
  - Plastilina
  - Espátulas
  - Punzóns
  - Rodetes ("rodillos")
  - Moldes
- 6. Para coiro:
  - Coiro
  - Tinturas
  - Utensilios para cortar, manipular e decorar coiro
- 7. Para teatro:
  - Teas, roupa e accesorios diversos para decorados, atrezzo e caracterización

ORZAMENTO MÁXIMO POR SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL.

TOTAL.....10.000 €.

**TERCEIRO.-** Aprobar o gasto de 212.407,76 euros con cargo á aplicación nas aplicacións 23000.22799, 23101.22799, 23102.22799, 23103.22799, 23104.22799, 23105.22799, 23106.22799 e 23107.22799 do vixente Orzamento xeral e comprometerse a incluír nos vindeiros orzamentos a cantidade restante ata o remate do contrato e no caso de prórroga.

**CUARTO.-** Aprobar a adxudicación por procedemento aberto, de acordo co disposto nos artigos 122, 141 e seguintes da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público.

**QUINTO.-** Publicar o anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello de Lugo.

Lugo, a 27 de xaneiro de 2012



**CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO**

MLA/atm

Ref<sup>a</sup>: proposta servizo actividades ANIMACION SOCIOCULTURAL 2012

Asunto:

A TÉCNICO DO SERVIZO  
SERVIZO  
DE CONTRATACIÓN

O XEFE DO  
DE CONTRATACIÓN

Asdo. Ana Tabarés Martínez

Asdo: Manuel Louzao Aldariz

A CONCELLEIRA DELEGADA DA ÁREA DE ECONOMÍA,  
EMPRENDEMENTO, EUTÓNOMOS E EDUCACION

Asdo: Sonia Méndez García